

# FACULTADE DE CIENCIAS

## Plan Estratégico Ponte e Plan de Mellora Anual



**2020-2022**

## Análise da situación da Facultade de Ciencias

O equipo de dirección do centro é o encargado de xestionar o proceso de elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias e na Comisión de Calidade do 9 de xuño de 2016 nomeouse a Comisión Redactora para a elaboración do mesmo. A Comisión Redactora acordou que para analizar a situación actual do centro deberían ser consultados os seguintes grupos de interese:

- Alumnado matriculado nas titulacións que se imparten na Facultade de Ciencias
- Alumnado egresado
- Persoal de Administración e Servicios
- Persoal Docente e Investigador

Para recompilar información fiable relativa á situación real do centro, con respecto ás Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO), empregáronse os métodos de entrevistas persoais e as opinións recibidas a través do correo electrónico por parte dos grupos de interese.

Da análise de toda a información reunida definíronse as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades ligadas á Facultade de Ciencias. Estes aspectos facilitan unha visión actual na que está englobado o centro e que ten en conta tanto a situación interna do mesmo como da súa contorna. Esta análise serviu para facer a proposta do Plan Estratéxico a través da definición da Misión, Visión e Valores da Facultade así como das estratexias a seguir de cara ao seu futuro a través dunha análise CAME (Corrixir as debilidades, Afrontar as ameazas, Manter as fortalezas e Explotar as oportunidades).

### Debilidades

- Escasa renovación do Persoal Docente e Investigador **(D1)**.
- Frecuentes traslados e cambios de adscrición de docencia do profesorado ao Campus de Santiago nalgunhas áreas **(D2)**.
- Laboratorios de prácticas con capacidade inferior ao módulo de docencia interactiva establecido pola Universidade **(D3)**.
- Orzamento insuficiente para a renovación do material e equipamento docente **(D4)**.
- Mobilidade irregular do profesorado e alumnado en función das titulacións e localización xeográfica das universidades de procedencia ou destino **(D5)**.
- Dificultade de incorporación de alumnado para a súa formación investigadora e o desenvolvemento dos grupos de investigación **(D6)**.
- Carencia dalgún equipamento específico e de instalacións tipo planta piloto destinados a docencia e investigación **(D7)**.
- Dificultade para a captación de alumnado de novo ingreso no Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais **(D8)**.
- Dificultade de captación de recursos de investigación condicionado pola magnitude e diversidade dos grupos de investigación **(D9)**.
- Escasa oferta de cursos no Programa de Formación e Innovación Docente no Campus Terra en xeral e na Facultade de Ciencias en particular **(D10)**.
- Falta de preparación do profesorado e das instalacións da Facultade para a docencia en liña **(D11)**.
- Carencia dun mestrado que ofrezca ao alumnado do Grao Bioquímica a posibilidade de ampliar a súa formación académica **(D12)**.

## Ameazas

- Forte competencia con outros campus do Sistema Universitario Galego (SUG), especialmente co campus de Santiago na demanda de novas titulacións e mantemento das existentes **(A1)**.
- Descoñecemento dos títulos ofertados neste centro pola sociedade en xeral e polos posibles futuros alumnos en particular **(A2)**.
- Diminución por parte da Universidade das infraestruturas e servizos para apoio á investigación no Campus de Lugo que repercuten na capacidade investigadora dos grupos desta Facultade **(A3)**.
- Dependencia do Campus de Santiago nas decisións e financiamento do Campus Terra, situación que condiciona o desenvolvemento do Campus de Lugo e dos seus centros **(A4)**.

## Fortalezas

- Persoal Docente e Investigador moi cualificado, cun alto porcentaxe de doutores e un número elevado de quinquenios e sexenios **(F1)**.
- Persoal de Administración e Servizos moi capacitado, eficiente e disposto **(F2)**.
- Grao de Nutrición Humana e Dietética único no SUG, consolidado e cunha elevada demanda **(F3)**.
- Ampla oferta de prazas de Prácticas Externas para todas as titulacións impartidas no centro **(F4)**.
- Trato personalizado ao alumnado **(F5)**.
- Gran voluntariedade e implicación do profesorado e PAS nas actividades de información, promoción e captación de alumnado contempladas no Plan de Captación da Facultade e noutras accións xerais da Universidade **(F6)**.
- Planificación axeitada e xestión eficaz dos recursos dispoñibles para o desenvolvemento da docencia interactiva, tanto en laboratorio como nas aulas de informática **(F7)**.
- Rápida xestión da información e corto tempo de resposta para a resolución de problemas que afectan ao centro e ás súas titulacións. **(F8)**
- Alto grao de implicación da Facultade na xestión dos procesos e no desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade, sendo o primeiro centro da USC en renovar a acreditación de todos os seus títulos **(F9)**.
- Facultade moi integrada nas liñas de acción do Campus Terra e cunha relación fluída cos centros deste campus **(F10)**.
- Instalacións de laboratorio modernas e axeitadas para a docencia de materias experimentais das ramas de ciencias, enxeñaría e arquitectura e ciencias da saúde **(F11)**.
- Apoio das institucións locais á Facultade, especialmente da Deputación de Lugo **(F12)**.
- Participación dos colexios e asociacións profesionais e agrupacións de empresas en actividades e comisións do centro **(F13)**.

## Oportunidades

- Desenvolvemento do Grao de Bioquímica, titulación única no SUG e cunha elevada demanda **(O1)**.
- Implantación e desenvolvemento dunha nova titulación de máster en Bioquímica en que potencien ao mesmo tempo a captación de recursos para o fomento da investigación **(O2)**.
- Incrementar a relación empresa-universidade-alumnado **(O3)**.

- Fomentar a colaboración con centros de universidades estranxeiras, tanto no ámbito docente como investigador **(O4)**.
- Potenciar as liñas de investigación existentes na Facultade consonte ás liñas estratéxicas do Campus Terra **(O5)**.
- Aproveitar o atractivo da cidade de Lugo e do seu Campus Universitario para a promoción da Facultade e das súas titulacións **(O6)**.
- Aproveitar a motivación do alumnado do novo Grao en Nutrición Humana e Dietética e da súa asociación (ADINU) para dar visibilidade á Facultade, á titulación e aos futuros profesionais da nutrición **(O7)**.

### Misión, visión y valores da Facultade de Ciencias

A Comisión Redactora para a elaboración do Plan Estratéxico e Programación Plurianual da Facultade de Ciencias definiu a misión, visión e os valores do centro analizando os DAFO e asegurándose de que a misión, visión e valores da Facultade sexan congruentes coa Misión, Visión e valores da USC.

#### Misión

A Facultade de Ciencias é unha institución pública dedicada á formación de profesionais capaces, competentes e comprometidos socialmente. Procura a excelencia dunha forma dinámica en todas as funcións que desempeña como son a docencia, a xeración de coñecemento e a súa difusión a través da investigación desenvolvida no Centro, realizándoas de xeito socialmente responsable e integradas no entorno do Campus Terra, fundamentalmente nas áreas da Enxeñaría, Ciencias Básicas e Ciencias da Saúde.

#### Visión

Unha Facultade que ofrece unha formación universitaria de prestixio, con capacidade de adaptación para aportar profesionais demandados pola sociedade, dispoñendo dunha oferta completa de estudos nas que integra docencia e investigación. Un Centro exemplar no deseño, planificación, organización e desenvolvemento dos estudos conducentes á obtención de títulos académicos oficiais que habiliten para o exercicio de profesións reguladas ou que capaciten para o exercicio de actividades especializadas que poidan enmarcarse nas diferentes liñas de especialización do Campus Terra. Un Centro de referencia dentro dos estándares máis elevados de calidade da Unión Europea e con alta capacidade en investigación, que poida proxectar á Facultade e favorecer a internacionalización de todos os seus integrantes: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Unha Facultade responsable, integrada co sector empresarial e acorde co motor socioeconómico, comprometida coa sustentabilidade e coa cooperación social, e ao mesmo tempo unha Facultade activa, viva, motivadora e emprendedora, con capacidade para evolucionar en función do entorno e cunha xestión áxil, eficiente e transparente.

### Valores

- Preservación e potenciación dos nosos propios sinais de identidade.
- Respecto aos dereitos de todas as persoas e, en particular, do noso estudiantado, das traballadoras e dos traballadores.
- Procura permanente da excelencia en todas as actividades universitarias.
- Compromiso coa transparencia, o rendemento de contas, a eficiencia e a eficacia na xestión dos recursos.
- Compromiso cunha xestión baseada no diálogo, a participación, a confianza e a responsabilidade compartida.
- Compromiso cun desenvolvemento sostible, coa equidade e coa eliminación de todo tipo de discriminacións.
- Compromiso coa transferencia de coñecemento á sociedade como contribución ao desenvolvemento social e económico de Galicia.
- Compromiso de servizo á sociedade.

## PLAN ESTRATÉGICO PONTE

### LIÑAS ESTRATÉGICAS

1. Atención centrada no estudiantado
2. Xestionar os recursos de forma intelixente
3. A Facultade ao servizo da sociedade
4. Situar o coñecemento da Facultade na vangarda
5. Proxectar a Facultade

### LIÑA ESTRATÉGICA 1

Atención centrada no estudiantado

### OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

- 1.1. Formación integral
- 1.2. Calidade

### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1.1

#### ACCIÓNS EXTRATÉGICAS

- 1.1.1. Potenciar as competencias para a empregabilidade

### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1.2

#### ACCIÓNS EXTRATÉGICAS

- 1.2.1. Transformar o modelo de xestión da calidade

### LIÑA ESTRATÉGICA 2

Xestionar os recursos de forma intelixente

### OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

- 2.1. Compromiso co persoal
- 2.2. Mellora das infraestruturas
- 2.3. Xestión eficiente dos recursos

### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2.1

#### ACCIÓNS EXTRATÉGICAS

- 2.1.1. Reforzar a formación continua do persoal
- 2.1.2. Fomentar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal

### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2.2

#### ACCIÓNS EXTRATÉGICAS

- 2.2.1. Adecuar os espazos docentes ás necesidades actuais do estudiantado

### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2.3

#### ACCIÓNS EXTRATÉGICAS

- 2.3.1. Garantir a eficiencia na xestión dos recursos materiais e docentes

### LIÑA ESTRATÉGICA 3

A Facultade ao servizo da sociedade

#### OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

3.1. Integración no entorno

#### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 3.1

##### ACCIÓNS EXTRATÉGICAS

3.1.1. Aumentar a visibilidade da Facultade no seu entorno socioeconómico

### LIÑA ESTRATÉGICA 4

Situar o coñecemento da Facultade na vangarda

#### OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

- 4.1. Redefinir a oferta de titulacións de grao e mestrado
- 4.2. Captación de alumnado
- 4.3. Promover a investigación

#### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 4.1

##### ACCIÓNS EXTRATÉGICAS

4.1.1. Incorporar titulacións que melloren a oferta formativa docente e investigadora

#### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 4.2

##### ACCIÓNS EXTRATÉGICAS

4.2.1. Difusión das titulacións ofertadas para captación de alumnado

#### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 4.3

##### ACCIÓNS EXTRATÉGICAS

- 4.3.1. Fomentar a colaboración investigadora
- 4.3.2. Captación de investigadores en formación

## LIÑA ESTRATÉGICA 5

Proxectar a Facultade

## OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

- 5.1. Potenciar a mobilidade das persoas
- 5.2. Potenciar a comunicación da Facultade de cara ao exterior

### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 5.1

#### ACCIÓNS EXTRATÉGICAS

- 5.1.1. Favorecer a mobilidade do estudiantado, PDI e PAS

### OBXECTIVO ESTRATÉGICO 5.2

#### ACCIÓNS EXTRATÉGICAS

- 5.2.1. Mellorar o coñecemento da Facultade a nivel nacional e internacional

## PLAN DE MELLORA ANUAL

### 2020-2021

#### OXECTIVO A CONSEGUIR: Potenciar as competencias para a empregabilidade

OXECTIVO A CONSEGUIR:	DATA INICIO:	DATA FIN:
	01/09/2020	31/07/2021

Obxectivo estratéxico relacionado	1.1. Formación integral	
Procesos clave relacionados	PC-03 Apoio a estudantes	
Indicador/es de medición	Actividades desenvolvidas	Asistencia e/ou participación
Accións de mellora relacionadas (Código)	Potenciar o plan de acción titorial (AMF2021-1)	

#### OXECTIVO A CONSEGUIR: Reforzar a formación continua do persoal

OXECTIVO A CONSEGUIR:	DATA INICIO:	DATA FIN:
	01/09/2020	31/07/2021

Obxectivo estratéxico relacionado	2.1. Compromiso co persoal	
Procesos clave relacionados	PS-01 Xestión dos recursos humanos	
Indicador/es de medición	Xestións realizadas	Número de cursos
Accións de mellora relacionadas (Código)	Solicitar a ampliación da oferta de cursos do PFID en Lugo para mellorar a docencia en liña (AMF2021-2)	



**OXECTIVO A CONSEGUIR: Garantir a eficiencia na xestión dos recursos materiais e docentes**

<b>OXECTIVO A CONSEGUIR:</b>	<b>DATA INICIO:</b>	<b>DATA FIN:</b>
	<b>01/09/2020</b>	<b>31/07/2021</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	2.3. Xestión eficiente dos recursos	
<b>Procesos clave relacionados</b>	PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos	
<b>Indicador/es de medición</b>	Xestión do crédito anual	
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	Xestión centralizada dos recursos empregados na docencia (AMF2021-3)	

**OXECTIVO A CONSEGUIR: Garantir a eficiencia na xestión dos recursos materiais e docentes**

<b>OXECTIVO A CONSEGUIR:</b>	<b>DATA INICIO:</b>	<b>DATA FIN:</b>
	<b>01/09/2020</b>	<b>31/07/2021</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	2.3. Xestión eficiente dos recursos	
<b>Procesos clave relacionados</b>	PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos	
<b>Indicador/es de medición</b>	Xestións realizadas	
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	Solicitar recursos para a mellora das instalacións da Facultade na docencia en liña. (AMF2021-4)	

**OXECTIVO A CONSEGUIR: Difusión das titulacións ofertadas para captación de alumnado**

<b>OXECTIVO A CONSEGUIR:</b>	<b>DATA INICIO:</b>	<b>DATA FIN:</b>
	<b>01/09/2020</b>	<b>31/07/2021</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	4.2. Captación de alumnado	
<b>Procesos clave relacionados</b>	PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación	
<b>Indicador/es de medición</b>	Definidos no plan de captación	
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	Potenciar o plan de captación do alumnado (AMF2021-5)	

**OXECTIVO A CONSEGUIR: Favorecer a mobilidade do estudiantado, PDI e PAS**

<b>OXECTIVO A CONSEGUIR:</b>	<b>DATA INICIO:</b>	<b>DATA FIN:</b>
	<b>01/09/2020</b>	<b>31/07/2021</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	5.1. Potenciar a mobilidade das persoas	
<b>Procesos clave relacionados</b>	PC-03 Apoio a estudantes PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas	
<b>Indicador/es de medición</b>	Número de convenios	
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	Incrementar o número de convenios de mobilidade nacionais e internacionais (AMF2021-6)	

## 2021-2022

<b>OXECTIVO A CONSEGUIR: Transformar o modelo de xestión da calidade</b>		
<b>OXECTIVO A CONSEGUIR:</b>	<b>DATA INICIO:</b>	<b>DATA FIN:</b>
	<b>01/09/2021</b>	<b>31/07/2022</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	1.2. Calidade	
<b>Procesos clave relacionados</b>	PE-02 Revisión e mellora	
<b>Indicador/es de medición</b>	número de procesos simplificados	
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	Simplificar a documentación e axilizar os procesos de Calidade. (AMF2122-1)	

<b>OXECTIVO A CONSEGUIR: Adecuar os espazos docentes ás necesidades actuais do estudiantado</b>		
<b>OXECTIVO A CONSEGUIR:</b>	<b>DATA INICIO:</b>	<b>DATA FIN:</b>
	<b>01/09/2021</b>	<b>31/07/2022</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	2.2. Mellora das infraestruturas	
<b>Procesos clave relacionados</b>	PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos	
<b>Indicador/es de medición</b>	Xestións realizadas	
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	Solicitar á universidade que teña en conta as limitacións de aforo dos laboratorios de prácticas na cuantificación dos grupos de docencia interactiva de laboratorio. (AMF2122-2)	

<b>OXECTIVO A CONSEGUIR: Aumentar a visibilidade da Facultade no seu entorno socioeconómico</b>		
<b>OXECTIVO A CONSEGUIR:</b>	<b>DATA INICIO:</b>	<b>DATA FIN:</b>
	<b>01/09/2021</b>	<b>31/07/2022</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	3.1. Integración no entorno	
<b>Procesos clave relacionados</b>	PS-06 Información pública	
<b>Indicador/es de medición</b>	Número de actividades	
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	Desenvolver actividades en colaboración con entidades, empresas, asociacións, colexios profesionais, Concello e Deputación relacionadas coa nutrición (AMF2122-3)	

<b>OXECTIVO A CONSEGUIR: Captación de investigadores en formación</b>		
<b>OXECTIVO A CONSEGUIR:</b>	<b>DATA INICIO:</b>	<b>DATA FIN:</b>
	<b>01/09/2021</b>	<b>31/07/2022</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	4.3. Promover a investigación	
<b>Procesos clave relacionados</b>	PS-06 Información pública	
<b>Indicador/es de medición</b>	número de publicacións y TFG relacionados	número de investigadores novos
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	Difusión das liñas de investigación do PDI da Facultade e das posibilidades do seu entorno (AMF2122-4)	

**OXECTIVO A CONSEGUIR: Mellorar o coñecemento da Facultade a nivel nacional e internacional**

<b>OXECTIVO A CONSEGUIR:</b>	<b>DATA INICIO:</b>	<b>DATA FIN:</b>
	<b>01/09/2021</b>	<b>31/07/2022</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	5.2. Potenciar a comunicación da Facultade de cara ao exterior	
<b>Procesos clave relacionados</b>	PS-06 Información pública	
<b>Indicador/es de medición</b>	redes sociais	web versión en inglés
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	Aumentar a visibilidade en internet da Facultade, da súa investigación e das súas titulacións (AMF2122-5)	

**OXECTIVO A CONSEGUIR: Mellorar o coñecemento da Facultade a nivel nacional e internacional**

<b>OXECTIVO A CONSEGUIR:</b>	<b>DATA INICIO:</b>	<b>DATA FIN:</b>
	<b>01/09/2021</b>	<b>31/07/2022</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	5.2. Potenciar a comunicación da Facultade de cara ao exterior	
<b>Procesos clave relacionados</b>	PS-06 Información pública	
<b>Indicador/es de medición</b>	colaboradores	
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	Activar a publicidade de la Facultade mediante a colaboración con institucións, empresas, colexios e asociacións profesionais (AMF2122-6)	